



Singular.

VI Festival Internacional
do monólogo teatral

6–28 de marzo 2021,
Pazo da Cultura de Narón

La habitación de María

PENTACIÓN ESPECTÁCULOS (Madrid)

6 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

A soada escritora Isabel Chacón cumpre hoxe 80 anos. A flamante ganadora do Premio Planeta, que non puido recoller en persoa pola agorafobia que sofre, celebra hoxe o seu aniversario sen ningún tipo de acto público, nin familiar, como vén sendo habitual nos últimos anos. Son 43 anos en concreto os que Chacón leva recluída no seu domicilio pola súa condición, a planta 47 dun rascacielos madrileño que converteu na súa fortaleza e onde todo o que necesita (comida, roupa, medicamentos...) élle levado a casa. Esa noite prodúcese un incendio e todos os inquilinos son obrigados a evacuar o inmueble.

Ficha artística: Reparto: Concha Velasco |
Ficha artística- técnica: Autor: Manuel Martínez Velasco |
Deseño de escenografía e iluminación: Paco Leal |
Video escea: Bruno Praena | Fotografía: Sergio Parra |
Deseño gráfico: David Sueiro |
Productor: Jesús Cimarro | Dirección: José Carlos Plaza |
Unha produción de Pentación Espectáculos



Singular.

VI Festival Internacional
do monólogo teatral

Libre coma os paxaros

TEATRO DO ATLÁNTICO (Galicia)

12 marzo, 20:30 h (Estrea)

13 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

Unha muller toma a palabra e proclámase posuidora da súa liberdade. Declara, desafiante, non someterse ás regras da arte no exercicio da súa actividade creativa, nin acatar mandatos dos seus iguais.

Declara o seu amor pola literature, a poesía, e a lingua do seu país; o seu respecto e admiración polas escravizadas mulleres do seu pobo, e expresa a súa solidariedade e a súa dor polas miserábeis condicións de vida que aquelas teñen que soportar. Denuncia o espolio do patrimonio forestal, a traxedia da emigración á que se ven obrigados centos de miles de compatriotas para poder sobrevivir á fame e á miseria, eles e as súas familias.

Muller galega.

Filla de nai solteira. E de pai cura.

Chámase María Rosalía Rita de Castro.

Ficha artística: Dramaturxia sobre textos orixinais: Xúlio Lago | Espazo sonoro e compoñición musical: Vadim Yukhnevich | Espazo escénico: Antonio F. Simón | Vestiario: Susa Porto | Fotografía/deseño cartaz/grafismo: Tino Viz/Margen | Técnicos de escena: RTA | Axudante de Dirección: Alexandre Lago | Deseño de iluminación/ Dirección: Xúlio Lago. | Actriz: María Barcala | Músico en directo: Vadim Yukhnevich



Feo!

CARAMUXO TEATRO (Galicia)

14 marzo, 18:00 h

Café Teatro Pazo da Cultura



Caramuxo Teatro presenta un novo espectáculo de pequeno formato , inspirado en "O Parrulo Feo" de Hans Cristhian Andersen, para nenos a partir de 3 anos e familias. A pequena fábrica de parrulos de Goma "Il Papero Giallo" produce tódolos días centos e centos de parrulos do mesmo tamaño e cor, mais un día sae un parrulo diferente... Feo! é un canto á diversidade e a esencia de un mesmo, unha comedia para toda a familia.

Ficha artística: Dirección: Laura Sarasola Pontón. | Actor: Juan Rodríguez Santiago. | Manipulador: Suso Jalda. | Texto: Juan Rodríguez e Laura Sarasola Pontón. | Voces das nenas: Carla Yáñez, Ayelén Rodríguez e Sara Gómez | Deseño de Escenografía: Caramuxo Teatro. | Deseño de Luces: Suso Jalda. | Deseño de Cartel: Carlos Comendador. | Vestuario e atrezzo: Caramuxo Teatro e Soledad Gómez. | Fotografía: Corsino



Singular.

VI Festival Internacional
do monólogo teatral

Crónica dunha heterosexual insatisfeita

CÍA VERDEVERAS EXPRESIÓNS
ARTÍSTICAS + CDG (Galicia)

19 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura

Unha muller normal, desas que saben que non aparecerán xamais en ningún libro de historia, descobre case por accidente que se está a facer vella, e que se non muda algunha cousa vai morrer conxelada. Decide entón, concretar unha das súas fantasías e convidarnos para que sexamos testemuñas do seu gran momento. Esta será en principio, a reconstrución dunha viaxe cara a dentro, para reñecer cales son os seus desexos e as súas motivacións nunha etapa de balances vitais; pero logo verémola transformarse, como unha eiruga que despois dun tempo no seu casulo renace bolboreta e se bota a voar, espléndida, por primeira vez.

Ficha artística: Dirección, dramaturxia e interpretación: María Angeles Iglesias. | Asistencia de dirección: Anabell Gago | Deseño sonoro e Música orixinal: Tato López | Escenografía e Iluminación: Octavio Mas | Construción Escenografía: Talleres CDG | Vestiario: María Angeles Iglesias | Confección Traxe W.W.: Bea Carril para Chimpos s.l. | Diadema W.W.: Kinga Haudek | Deseño Gráfico: Lorena Conde | Fotografía Publicitaria: Inés Salvado Gontad



Singular.

VI Festival Internacional
do monólogo teatral

Autorretrato de un joven capitalista español

TEATRO DEL BARRIO (Madrid)

20 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

Son capitalista. Teño conta nun banco que especula con alimentos. Teño un seguro médico privado. Teño a luz contratada cunha empresa que rouba aos seus clientes porque o seu obxectivo é o máximo beneficio. Cando traballo cobro o soldo máis alto que poida conseguir, sen preocuparme de cal é o soldo e o resto das condicións laborais dos meus compañeiros.

Podo axudar economicamente a un amigo, pero nunca á conta de rebaixar o meu nivel de vida. Quero preservar a miña fama, a miña cotización comercial, as miñas propiedades. A sociedade na que vivo é inxusta ata a crueldade. Gustaríame que cambiase, pero non estou disposto a perder no intento aquilo que logrei acumular. Estou a falar moi en serio.

Ficha artística: Autoría: Alberto San Juan |
Dirección: Alberto San Juan | Intérprete:
Alberto San Juan



Fíos

BAOBAB TEATRO (Galicia)

21 marzo, 18:00 h

Café Teatro Pazo da Cultura

Un taller de costura será o responsable de que diferentes historias acariñen os nosos oídos. Unha modista que cose e cose recibe visitas esperadas e outras inesperadas pedíndolle axuda, coas súas puntadas descubrirá personaxes que penden de Fíos e queren viaxar, soñar, namorarse e contar os seus segredos. En Fíos as personaxes non nos deixarán indiferentes porque aparecen para deixarnos mensaxes, sentimentos ou reflexións. Así, coñeceremos ao Lobo, un lobo tenro que só se quere namorar; Dona Margarita que viaxará nun globo en busca dos seus pensamentos e Tito que descubrirá que quere ser de maior.

Ficha artística: Dirección: Óscar Ferreira, Andrea Bayer | Dirección de manipulación: Óscar Ferreira | Actriz e titiriteira: Andrea Bayer | Voces en off nenas: Uxía, Aroa e Carlota | Voces en off: Óscar Ferreira, Andrea Bayer e Luis Bayer | Deseño de escenografía: Ideas ambulantes (Begoña Paz e María Paz) e Óscar Ferreira | Vestiario: M^o Teresa Lloves, Lolita Lago | Escenografía: María Paz, Begoña Paz e Óscar Ferreira | Deseño de iluminación: Daniel Abalo | Música: Elena Paz, Xosé Liz e Diego Paz | Deseño de atrezzo: Ideas Ambulantes (Begoña Paz e María Paz), Óscar Ferreira | Deseño e publicidade: Ovo Publicidade (Ismael Calvo) | Guión: Andrea Bayer | Iluminación e son: Daniel Abalo | Material Audiovisual: | Sara Torrado



Chola a it girl

ARTESACÍA (Galicia)

26 marzo, 20:30 h

Pazo da Cultura

¿Qué conta o espectáculo? Debido á repercusión mediática que Chola ten coa súa canle de youtube é contratada por un teatro para realizar o seu primeiro tutorial en directo, no que revelará en 10 sinxelos pasos como converterse nunha verdadeira It girl rectificada: o rural e o auténtico tamén poden ser tendencia. Pero unha inesperada chamada telefónica durante o espectáculo desencadeará un conflito para Chola, no que terá que confesar a súa faceta tanatoestética máis oculta, evidenciando a súa imperfección e humanidade, adxectivos nos que radica o seu éxito.

Ficha artística: Dirección: Laura Villaverde | Intérprete: Laura Villaverde | Idea orixinal: Laura Villaverde | Música: Lucía Martínez | Movemento escénico: Fran Martínez | Videocreación: Roi Fernández | Iluminación: Héctor Pazos, Susana Méndez | intérpretes colaboradores nos visuais: Areta Bolado, Noelia Castro, Ailén | Kendelma, Álvaro Iglesias, Simón Piñón, Hector Pereira, Megan Hanley, Raquel Espada. | Vestiario: Carmen Carrera. | Escenografía: José Villaverde | Fotografía: Pablo Nunes, Susana Méndez, Roi Fernández



Singular.

VI Festival Internacional
do monólogo teatral

L@s niñ@s de Winnipeg

LA LLAVE MAESTRA (Chile)

27 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

Os textos ao igual que toda a obra foron creados especialmente para rendir unha homenaxe a tod@s os nen@s que viaxaron a bordo do Winnipeg, fuxindo da guerra civil española.

E a Pablo Neruda, quen fixo posible esta increíble fazaña.

A actriz iranos mergullando nesta historia a través dos ollos de catro pícaros que viaxaban no barco da esperanza.

Ficha artística: DActriz, Dramaturga e
Co-directora: Edurne Rankin | Co-director,
Iluminación: Álvaro Morales | Composición
musical: Gorka Pastor



Semente

EME2 PRODUCCIONES (Galicia)

28 marzo, 18:00 h
Café Teatro Pazo da Cultura

"A terra non é miña, eu son da terra"
Inspirado en acontecementos reais,
Semente. É unha historia
inesquecible sobre o poder que o ser
humano ten de influenciar o mundo
ao seu redor.

Narra a vida dun home e o seu
esfuerzo solitario, constante e
paciente, para facer do lugar onde
vive un lugar especial.

É unha historia admirable que nos
mostra como un home humilde e
insignificante aos ollos da sociedade,
vivindo lonxe do mundo e usando
unicamente os seus propios medios,
consegue reforestar el só unha das
rexións máis inhóspitas e áridas de
Francia.

Ficha artística: Dirección e adaptación: José
C. Garcia | Intérprete: Mercedes Castro |
Tradución: Sandra Romaris | Deseño de luz:
Bruno Esteves | Deseño gráfico: Sofía Serrazi-
na | Música: FRAN LASUEN | Vestiario: MM |
Producción executiva: eme2 | Colaboran:
Concello de Vigo- Ajidahna



Actividades paralelas

Mesa redonda: "Circulación internacional de espectáculos teatrais"

- Octavio Arbeláez, Director do Festival de Manizales (Colombia)
- Gustavo Zidán, Responsable Programación de Motevideo (Uruguay)
- Zaida Sánchez Rico, Secretaria Técnica de Iberescena (Costa Rica)
- Mario Vega, Director de MAPAS (Tenerife)
- Jacobo Sutil, Director da AGADIC
- Modera a Mesa: Paulo Rodríguez, Director Teatro "Rosalía de Castro"

19 marzo, 18h

Curso: "Festival Mueca. Una experiencia de gestión coparticipada"

Impartido por Marcelino Martín, Director do Festival MUECA.

20 marzo, De 9h a 12h

Curso de interpretación actoral

A cargo de María Barcala, actriz galega e cofundadora de Teatro do Atlántico.

**22-25 marzo,
De 18h a 21h**

Singular.

VI Festival Internacional
do monólogo teatral

6–28 de marzo 2021,
Pazo da Cultura de Narón

Segue a actualidade do Festival:

www.padroadodecultura.es

[@culturanaron](https://www.facebook.com/padroadodeculturaconcellodenaron)

Padroado da Cultura



Canello de Narón



REDELAE

red eurolatinoamericana
de artes escénicas

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

galicia



Xacobeo 2021



Deputación
DA CORUÑA